

O Grupo Compostela de Universidades e a Asociación de Municipios del Camino de Santiago lanzan un programa de voluntariado

Santiago de Compostela, 21 de marzo de 2019 – O Grupo Compostela de Universidades (GCU) e a Asociación de Municipios del Camino de Santiago impulsan o programa de voluntariado para mozos *University Walking Community*, que se desenvolverá de xuño a setembro de 2019 en diversos concellos do Camiño Francés.

O obxectivo do programa é promover entre a comunidade universitaria a realización de accións de voluntariado no Camiño de Santiago. Para logralo ambas asociacións concederán 40 bolsas aos estudantes interesados en participar nesta primeira convocatoria de *University Walking Community*. Estas bolsas inclúen un curso de formación e a cobertura do aloxamento, manutención e transporte local durante o período de voluntariado.

Os 40 estudantes seleccionados terán a oportunidade de realizar accións de voluntariado durante un mes en concellos situados ao longo desta ruta de peregrinación e membros da Asociación de Municipios do Camiño de Santiago.

Para acadar un maior aproveitamento da experiencia, a súa participación organizarase en dous turnos cunha duración ininterrompida dun mes. O primeiro do 10 de xullo ao 10 de agosto, o segundo do 10 de agosto ao 10 de setembro de 2019.

Presentación de solicitudes

A convocatoria do programa de voluntariado está aberta a estudantes das universidades membro do GCU de 18 a 30 anos e que estean cursando estudos oficiais de grao ou posgrao. Ademais, poderán participar persoas con diversidade funcional, sempre que sexa compatible co exercicio das actividades concretas de voluntariado.

O prazo para a presentación de solicitudes finaliza o próximo 1 de abril de 2019 e toda a información da convocatoria está dispoñible na web do Grupo Compostela de Universidades.

O Grupo Compostela de Universidades

O Grupo Compostela de Universidades (GCU) é unha asociación internacional sen ánimo de lucro, que traballa en favor da colaboración e promove o diálogo en tódolos ámbitos da educación superior. O GCU comezou a súa andaina no ano 1994 e desde a súa creación foi crescendo ata unir ao seu camiño a máis de 60 universidades de todo o mundo. Tódolos peregrinos do Grupo Compostela de Universidades comparten os valores de cooperación e integración desenvolvidos en torno ao Camiño a Santiago.